


Estación meteorolóxica de Cangas

Aarón Figueirido

Concello: Cangas
Provincia: Pontevedra
Latitude: 42.260456
Lonxitude: -8.782575
Altitude: 3 metros



Recollida de datos


	Día 28/10/2021	Día 6/11/2021	Día 9/11/2021	• Día 16/11/2021
Temperatura máxima 1.5m	• 18.56 °C	• 16.26 °C	• 12.85°C	11.83 °C
Temperatura mínima 1.5 m	• 11.23 °C	• 7.24 °C	• 11.36 °C	8.75 °C
Chuvia acumulada	40.3 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2	• 0.0 L/m2
Refacho máximo a 10m	13.34 m/s	4.83 m/s	6.53 m/s	13.5 km/h

Predicións meteorolóxicas

3.1


- **Día 28/10/2021:** Agárdase para os vindeiros días unha alternancia de períodos de ceos moi anubrados con outros con nubes e claros, aínda que ocasionalmente poderán atoparse pouco anubrados ou despexados. Agárdanse precipitacións tódolos días. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en ascenso moderado e máximas sen cambios. Vento forte do Sudoeste o venres pola noite.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- **Día 6/11/2021:** Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con valores que globalmente se atoparán sen cambios.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- **Día 9/11/2021:** Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con valores que globalmente se atoparán sen cambios.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- **Día 16/11/2021:** Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días, aínda que ocasionalmente tornarán con nubes e claros. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con valores que globalmente se atoparán sen cambios.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

Temperaturas




Nos catro días observados a temperatura **mais** alta a tivemos no primeiro/día foi de 18.56 °C e a mínima foi de 7.24 °C no día 6 de novembro. Nesta táboa superior observamos que no ano 2020 comparado co 2021 podemos ver que as temperaturas foron similares/ as temperaturas deste ano aínda están baixando porque non estamos no inverno.

Precipitacións



No día 28 de outubro tivemos o único día que choveu con 40.3 L/m² e no resto dos días non choveu nada debido a un anticiclón que tivemos todos estes días enriba de nós. No comentario das previsións indica que no final de outubro e no principio de novembro íamos a ter ceos moi anubrados. Na táboa de enriba podemos observar que no novembro de 2020 comparado co deste ano choveu un chisco mais.

Vento



No día 28 de outubro tivemos ventos suaves 13.34 m/s, e no último día recollido foi o día que **mais** vento tivemos/foi o día 16 de novembro con 13.5 km/h. No comentario das predicións di que os ventos serán suaves nos principios de novembro^{6.1}. Na táboa superior do cadro observamos que os ventos son bastante igualados entre todos os anos.

Conclusión

- As borrascas e os anticiclóns están asociados ao tempo debido a que os anticiclóns producen un tempo solleiro e seco pero as borrascas e todo o contrario produce chuvias e tempo moi inestable.
- No primeiro día estivemos baixo unha borrasca choveu bastante neses días de outubro pero cando chegou novembro a borrasca marchou e en su lugar entrou un anticiclón deixando un vo tempo pero a súa vez frío iso implica que neses días de novembro tivemos unha presión atmosférica alta e en moito mais outubro baixa

Índice de comentarios

3.1 Información que podía ser incluída na análise dos elementos do tempo.


6.1 Nas predicións recollidas non aparece ese comentario.

Ainoa Bouzós

Castro Vicaludo

Concello: ~~Baiona~~
Provincia: Pontevedra
Latitude: 41.99327
Lonxitude: -8.864355
Altitude: 480m

1.1



Recollida de datos

	28/10/2021	9/11/2021	15/11/2021	16/11/2021
Temperatura mínima	14.66 °C	10.7°C	6.53 °C	6.95°C
Temperatura Máxima	12.4 °C	13.0°C	15.2 °C	9.48°C
Chuvia acumulada	0.0 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo	40.3 km/h	44.7 m/s	17.56 km/h	39.4 m/s

Predicións meteorolóxicas

•**28/10/2021** .Agárdase para os vindeiros días unha alternancia de períodos de ceos moi anubrados con outros con nubes e claros, aínda que ocasionalmente poderán atoparse pouco anubrados ou despexados. Agárdanse precipitacións tódolos días. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en ascenso lixeiro aínda que oscilarán e máximas en descenso moderado. Vento forte do Sur o xoves pola tarde; e forte do Sudoeste o venres pola noite.

•No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

•**9/11/2021** :Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días, aínda que ocasionalmente tornarán con nubes e claros. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con valores que globalmente se atoparán sen cambios.

•No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

15/11/2021:Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días, aínda que ocasionalmente tornarán con nubes e claros. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas sen cambios e máximas en ascenso lixeiro.


•No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

16/11/2021:Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días, aínda que ocasionalmente tornarán con nubes e claros. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en ascenso lixeiro e máximas sen cambios.

•En canto ó estado da calidade do aire, manterase bo en termos xerais.

Chuvia

Chuvia acumulada, Chuvia




Tendo em conta o que choveu o ano pasado, podemos darnos conta que este ano choveu bastante menos, nos días nos que recollín datos podemos observar que en ningún hai chuvia acumulada. No comentario do día 28 de outubro dise que espéranse chuvias para todos os días.

Presión

Presión

■ Presión



Comparado co ano pasado, este ano tivemos máis presión atmosférica, pero tampouco tanta xa que no ano pasado tiveramos 964 e neste ano tivemos 964.5 como pódese observar non e tanta a diferenza entre un e outro.

Por que as borrascas e os anticiclóns están asociados ao tempo?

Porque as borrascas están asociadas ao tempo chuvioso e con baixas presións, e as anticiclóns asóciáanse a tempos soleados con altas presións.


Índice de comentarios

- 1.1 Oia
- 4.1 Hai que indicar °C.
- 6.1 Falta a unidade de medida.
- 7.1 Falta a unidade de medida.

Estación meteorolóxica de **Areas**

Carolina Isabel López

- Concello: Tui
- Provincia: Pontevedra
- Latitude: 42.030853
- Lonxitude: -8.674659
- Altitude: 74m



Recollida de datos

	28/10/2021	1/11/2021	09/11/2021	15/11/2021
Temperatura mínima	7.27 °C	11.98 °C	12.76 °C	9.12 °C
Temperatura máxima	11.19 °C	13.34 °C	14.09 °C	16.19 °C
Chuvia acumulada	0.0 L/m2	3.6 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo	5.8 km/h	8.4 km/h	18.9 km/h	28.7 km/h

Predicións meteorolóxicas

- **28/10/2021**

- Agárdase a curto prazo unha alternancia de ceos moi anubrados con momentos con nubes e claros, ocasionalmente pouco anubrados ou despexados. Haberá precipitacións tódolos días. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que ascenderán notablemente e máximas que se manterán sen cambios.

Vento forte do Sudoeste o venres pola noite.

- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

- **1/11/2021**

- Prevensse ceos con nubes e claros nas próximas datas. Haberá precipitacións o martes e o mércores. En canto as temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que descenderán moderadamente e máximas que descenderán lixeiramente.

- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral


- **09/11/2021**

- Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas sen cambios e máximas en descenso lixeiro.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

- **15/11/2021**


- Prevensse ceos pouco anubrados ou despexados nas próximas datas, ocasionalmente con nubes e claros. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que se manterán sen cambios e máximas que ascenderán lixeiramente.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

TEMPERATURA




- Nos catro días observados en outubro e novembro as temperaturas máximas son de 16.19 °C e as mínimas de 7.27 °C. Segundo MeteoGalicia, estas temperaturas teñen uns valores normais para esta época do ano.
- No gráfico anterior observase que as temperaturas máximas e mínimas do 2020 foron semellantes as recollidas no 2021. O feito de atoparnos nunha zona de costa tamén vai facer que as temperaturas máximas e mínimas sexan suaves en xeral.

Refacho máximo




- Nos meses de outono e novembro o refacho máximo foi de 28.7 Km/h e o mínimo de 5.8 Km/h. Se nos fixamos podemos observar que no mes de febreiro o vento non é moi semellante no 2020 e no 2021, ten uns valores de aproximadamente 55Km/h, podemos ver que os cambios na presión atmosférica foron maiores.

CHUVIA ACUMULADA



- Nos meses de outono en novembro a chuvia acumulada chegou a de nivel máximo 3.6 L/m2 e a 0.0 L/m2 de nivel mínimo. Segundo Meteogalicia nestes últimos días non houbo precipitacións. Fixándonos no mes de novembro desde ano e fixándonos no do 2020 hai moita diferenca.


PRESIÓN ATMOSFÉRICA



- Este gráfico pertenece a Vigo-Campus
- Podemos ver que a presión atmosférica foi diminuindo desde outono ata mediados de novembro, a intensidade do vento foi de maior a menor. Non houbo precipitacións, iso quiere dicir que estivemos baixo a influencia dun anticiclón. Presión atmosférica e semellante no mes de outono no 2021 e no 2020.

CONCLUSIÓN


- Porque as borrascas e os anticiclóns están asociados ao tempo?
- Están asociados ao tempo porque:
- As **borrascas** porque dan mal tempo ~~el soen~~ ir acompañadas de abundante e espesa nubosidade.
- Os **anticiclóns** porque a subsidencia do aire aparta as nubes aportando un tempo bo, estable...



Estación Meteorolóxica de Monte Aloia

David Fernández

Concello: Tui
Provincia: Pontevedra
Latitude: 42° N
Lonxitude: 8° S
Altitude: 484m



Recollida de datos

	28/10/2021	2/11/2021	8/11/2021	15/11/2021
Temperatura mínima	11.48 °C	9.95 °C	7.73 °C	6.17°C
Temperatura máxima	14.21 °C	10.59 °C	17.54 °C	15.61°C
Chuvia acumulada	0.0 L/m2	4.5 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo	25.6 Km/h	37.9 km/h	24.9 km/h	7.95 Km/h

Predicións meteorolóxicas

- **28/10/2021**- Agárdase a curto prazo unha alternancia de ceos moi anubrados con momentos con nubes e claros. Haberá precipitacións tódolos días. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que ascenderán moderadamente e máximas que se manterán sen cambios.

No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

- **2/11/2021**-Ceos con nubes e claros en xeral durante os vindeiros días. Agárdanse precipitacións tódolos días. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en descenso lixeiro e máximas en descenso moderado.

No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.


- **8/11/2021**-Teremos ceos con nubes e claros ó comezo do período, aínda que cara a metade e ó final do mesmo tenderán a estar pouco anubrados ou despexados. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con valores que globalmente se atoparán sen cambios.

No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

- **15/11/2021**- Teremos ceos con nubes e claros ó comezo e cara a metade do período, aínda que ó final do mesmo tenderán a estar pouco anubrados ou despexados. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas sen cambios e máximas en ascenso lixeiro.

No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.


T^a mín. a 1.5m, T^a media a 1.5m, T^a máx. a 1.5m, T^a med.máx. a 1.5m, T^a med.mín. a 1.5m



Temperatura

- Nos catro días observados en outubro e novembro a temperatura máxima foi día 8 de novembro con 17.54°C e a temperatura mínima foi o día 15 de novembro con 6.17°C . No gráfico de arriba pode observarse que en novembro do ano pasado é lixeiramente superior ca do 2021. É os factores que puideron influír son a altitude, porque canto máis arriba máis frío e a distancia ao mar, porque o mar suaviza as temperaturas e **aun que** Monte Aloia non este en contacto co mar está moi preto.


Chuvia acumulada, Chuvia



Chuvia


- Nos catro días observados en outubro e novembro as máximas precipitacións foron o día 2 de novembro con 4.5 L/m² e os demais días non houbo ningunha precipitación. No gráfico de arriba vemos que as precipitacións no 2020 foron máis abundantes ca no 2021. Nas precipitacións poden influír a altitude / vendo que esta estación meteorolóxica está a 484 m de alto, pero ~~X~~ tamén pode influír a distancia ao mar, ^{5.1} a ~~un~~ que non está moi lonxe a seu concello non está en contacto co mar.

Dirección do vento



- Nos catro días observados en outubro e novembro o máximo refacho é o día 2 de novembro con 37.9 km/h e as mínimas son o día 15 de novembro con 7.95 Km/h. No gráfico de arriba podemos observar que no 2020 houbo máis vento ca no 2021.

Presión atmosférica



- Nos catro días de outubro e novembro houbo unha presión maior o día 2 de novembro con 956 hPa, o o día con maior presión foi o día 8 de novembro con 966 hPa. No gráfico de arriba podemos observar que en novembro do 2020 é lixeiramente inferior ca no 2021. En canto aos factores que poden influír na presión está a altitude, porque canto máis alto esteamos menos presión haberá, e tendo en conta que esta estación meteorolóxica está a 484 metros a presión baixará; e a temperatura do aire tamén inflúe, porque o aire cálido pesa menos e tendo en conta que esta estación está a certa altitude respecto ao mar, o aire será máis frío / entón pesará máis.

Conclusión

Problema a resolver:

- Porque as borrascas e os anticiclóns está asociados ao tempo?

As borrascas e os anticiclóns están asociadas ao tempo porque son unha serie de cambios do tempo que ocorren diariamente, e dicir, todos os días hai unha situación distinta con respecto ao tempo.

Índice de comentarios

5.1 aún da que

Estación meteorolóxica das Eiras



Lía Mariño


Concello: O Rosal

Provincia: Pontevedra

Latitude: 41.93 N

Lonxitude: 80.78 O

Altitude: 47 m



Recollida de datos



	28/10/21	02/11/21	09/11/21	15/11/21
Temperatura mínima	6.47 °C	13.06 °C	7.88 °C	8.69 °C
Temperatura máxima	19.26 °C	14.65 °C	10.98 °C	15.5 °C
Chuvia acumulada	0.4 L/m2	3.2 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo	31.5 km/h	24.8 km/h	7.9 km/h	24.6 km/h

Predicións Meteorolóxicas



3.1


28/10/21: Agárdase unha alternancia de períodos de ceos moi anubrados con outros con nubes e claros, aínda que ocasionalmente poderán atoparse pouco anubrados ou despexados. Agárdanse precipitacións. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en ascenso notable e máximas sen cambios. Vento forte do Sudoeste o venres pola noite.

02/11/21: Ceos con nubes e claros en xeral durante os vindeiros días. Agárdanse precipitacións. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con valores que globalmente se atoparán en descenso moderado.

09/11/21: Prevense ceos pouco anubrados ou despexados nas próximas datas. En canto ás temperaturas, serán altas para as mínimas e normais para as máximas respecto ó agardado para este período, con mínimas que se manterán sen cambios e máximas que descenderán lixeiramente.

15/1/21: Ceos pouco anubrados ou despexados, aínda que ocasionalmente tornarán con nubes e claros. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas sen cambios aínda que oscilarán e máximas en ascenso lixeiro. No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

Temperaturas




Análise dos datos: A temperatura mínima nos catro días foi de 6.47°C, e as máximas de 19.26°C. Estas temperaturas teñen uns valores normais. As temperaturas foron semellantes a o 2020.

Tendo es conta a altitude de 47m, as temperaturas serán mais baixas.

As temperaturas son menos suaves debido a que non te costa.


Precipitações



Análise de datos: A acumulación **mais** grande de auga foi de 3.2 L/m² e a **mais** baixa de 0.0 L/m². Hai poucas precipitacións debido a altitude e que non ten mar.

Como **parado** ao 2020 choveu moito menos.

Presión atmosférica



Análise dos datos: Ao estar elevada ten menos presión atmosférica.

Pero ao non ser moi **calida** tampouco escasea. Foron semellantes ao 2020.



Por que as borrascas e os anticiclóns están asociados ao tempo?



Estas áreas tenden a desprazarse sobre a superficie terrestre e son estes centros de acción os que marcan o bo ou mal tempo meteorolóxico. Por isto ten que ver con tempo, porque é un día es concreto, non o clima.

Índice de comentarios

- 1.1 Falta o mapa coa localización da túa estación meteorolóxica.
- 3.1 Comentarios que poderían terse incluído na análise dos elementos do tempo.
- 4.1 A altitude resulta relevante a partir dos 100 m, xa que as temperaturas descenden $0.6\text{ }^{\circ}\text{C}$ cada 100 m de ascenso.
- 8.1 A esta oración fáltalle certa cohesión.



BALIONA

NAIARA ÁLVAREZ SILVA

Estación meteorolóxica Baiona


Concello: Baiona

Provincia: Pontevedra

Latitude: 42°N

Lonxitude: 8°O

Altitude: 3m



Recollida de datos


	28/10/2021	02/11/2021	09/11/2210	15/11/21
Temperatura mínima	9.59 °C	13.91 °C	9.72 °C	6.2 °C
Temperatura máxima	15.39 °C	15.24 °C	11.0 °C	16.43 °C
Chuvia acumulada	0.0 L/m2	3.0 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo	16.3 km/h	40.8 km/h	9.6 km/h	14.7 km/h

Predicións meteorolóxicas


- **28/10/21:** Agárdase a curto prazo unha alternancia de ceos moi anubrados con momentos con nubes e claros, ocasionalmente pouco anubrados ou despexados. Haberá precipitacións tódolos días. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que ascenderán moderadamente e máximas que se manterán sen cambios. Vento forte do Sur o xoves pola tarde; e moi forte do Sur o venres pola noite.
- **02/11/21:** Prevense ceos con nubes e claros nas próximas datas. Haberá precipitacións o martes e o mércores. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con valores que en xeral descenderán moderadamente.
- **09/11/21:** Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con valores que globalmente se atoparán sen cambios.
- **15/11/21:** Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días, aínda que ocasionalmente tornarán con nubes e claros. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en ascenso lixeiro e máximas sen cambios.

TEMPERATURA

Nos catro días observados en outubro e novembro as temperaturas máximas foron **16°C** e as mínimas de **5°C**. Segundo Meteogalicia, estas temperaturas teñen uns valores normais para esta época do ano. No gráfico superior obsérvase que as temperaturas máximas e mínimas de 2020 foron semellantes as recollidas no 2021. En canto aos factores podemos fixar na altitude de **3m**, na que se atopa a nosa estación meteolóxica, a cal é indicativa de **de** que as temperaturas van a ser máis altas. O feito de atoparnos nunha zona de costa tamén vai a facer que as temperaturas máximas e mínimas van a ser normal en xeral.



Precipitacións




É un gráfico de barras nas columnas representan a chuvia mensual de cada mes expresada en (L/m²). Se pode observar que cada ano chove **mais** nos meses de outono e inverno. En 2018 choveu **mais** no mes de novembro e no 2019 choveu **mais** en decembro. Nos primeiros de 2018 case non choveu.

Ademais hay unha **Linea** continua de cor azul escuro que representa a chuvia acumulada desde o principio do ano 2018 hasta finais de 2021. a chuvia acumulada foi 3000 (L/m²). A vista do gráfico destes tres anos **observase** que no ano 2021 choveu moito menos que nos anos anteriores (19/20)

Segun Meteogalicia as precipitacións **mais** abundantes foron 3.0 L/m² no mes de Novembro no ano 2021.


VENTO

- É un gráfico que representa a velocidade do vento e a dirección do vento no ano **19,20,21**. En vermello na parte inferior se representa a velocidade do vento nos distintos meses (**km/h**). Houbo moito vento no mes de novembro de 2018. En azul representase a dirección do vento predominante, en cor lila representase os refachos. A maior parte dos meses a dirección do vento é **Noroeste**.
- Tamén segun **meteogalicia** o refacho **maximo** **mais** abundante foi 40.8 km/h e o menos abundante foi 9.6 km/h.



Conclusión

- As borrascas é que hai moitas precipitacións e baixas presións e anticiclóns non hai moitas precipitacións e a presión **e** moi alta e por **eso** cambian o tempo. As borrascas dan o mal tempo e os anticiclóns o bo tempo.





Fin



Estación meteorolóxica de Camariñas

Xiana Rueda


Concello: Camariñas

Provincia: A Coruña

Latitude: 43.124447 WGS84 N

Lonxitude: -9.178318 WGS84 O

Altitude: 5 m.



Recollida de datos

	2/11/2021	9/11/2021	15/11/2021	23/11/2021
Temperatura mínima	13.66 °C	14.21 °C	12.79 °C	11.29 °C
Temperatura máxima	15.95 °C	14.99 °C	15.09 °C	12.68 °C
Chuvia acumulada	2.0 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo	52.8 km/h	39.4 km/h	49.7 km/h	78.5 km/h


Predicións meteorolóxicas

3.1

- **2/11/2021:** Ceos con nubes e claros en xeral durante os vindeiros días. Agárdanse precipitacións tódolos días. As temperaturas serán altas para as mínimas e normais para as máximas respecto ó habitual nesta época do ano, con mínimas sen cambios e máximas en descenso lixeiro.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- **9/11/2021:** Prevense ceos pouco anubrados ou despexados nas próximas datas, ocasionalmente con nubes e claros. En canto ás temperaturas, serán altas para as mínimas e normais para as máximas respecto ó agardado para este período, con mínimas que descenderán lixeiramente e máximas que se manterán sen cambios.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- **15/11/2021:** O ceo alternará períodos con nubes e claros con outros ocasionalmente moi anubrados ou pouco anubrados ou despexados. Agárdanse precipitacións o luns pola mañá. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en descenso lixeiro e máximas en ascenso lixeiro.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- **23/11/2021:**Prevense ceos con nubes e claros nas próximas datas. Haberá precipitacións tódolos días. En canto ás temperaturas, serán normais para as mínimas e baixas para as máximas respecto ó agardado para este período, con valores que en xeral se manterán sen cambios.
- No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.


Temperatura

As temperaturas mínimas en novembro de 2021 chegaron ata $14,21^{\circ}\text{C}$ e as máximas ata os $15,95^{\circ}\text{C}$. As temperaturas máximas e mínimas de 2020 foron tamén semellantes as recollidas no 2021. Estas temperaturas son suaves para esta época do ano e pode deberse a que estamos nunha zona costeira e de altitude baixa.




Chuvia acumulada

No mes de novembro de 2021 a chuvia acumulada foi de 2.0 lm2 e xa non choveu **mais** o resto do mes, aínda que se agardaban precipitacións. No mes de novembro de 2020 a chuvia acumulada chegou aos 100 lm2. **Observe** un cambio moi grande con respecto ao ano anterior. Os factores que poden provocar estes cambios poden ser a entrada de altas presións o que produce tempo estable e seco.



Vento

Durante o mes de novembro de 2021 o refacho máximo foi de 78.5 km/h e o mínimo de 39.4 km/h. O vento tamén foi moi forte no mes de novembro de 2020. O mes de novembro foi moi ventoso **asi** que tamén os cambios na presión atmosférica foron moi variables.



Conclusión

- **Por que as borrascas e os anticiclóns están asociados ao tempo?**
- O tempo é o estado da atmosfera nun lugar e momento determinados. É cambiante e hai catro elementos fundamentais que nos falan do estado da atmosfera: as temperaturas, as precipitacións, as presións e os ventos.
- As borrascas ou baixas presións orixinan un tempo inestable, chuvias, ventos fortes e elevación atmosférica.
- Os anticiclóns ou altas presións orixinan tempo estable e seco. Nas gráficas anteriores pódese observar como o tempo no mes de novembro **esta** caracterizado polos anticiclóns/**xa** que as temperaturas son suaves, non hai precipitacións e o vento vai en aumento debido a alta presión.

Índice de comentarios

3.1 Comentarios que poderiam terse incluído na análise dos elementos do tempo.